

# A lingua galega na boca dos novos galegos

**Xurxo Fernández Carballido**

*Segundo premio do Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2005*

A nosa sociedade está a mudar dunha forma evidente e todos nós estamos a ser espectadores e protagonistas destes cambios. A lingua, nesa dobre función de vehículo de comunicación e símbolo de identidade, experimenta en primeira persoa esas transformacións sociais. Galiza nos últimos tempos está a recibir un gran número de inmigrantes de diferentes orixes, que veñen na procura dun traballo e dunha vida máis xusta e digna, na que teñan cabida as súas máis fermosas esperanzas; benvidos! Ao mesmo tempo debemos presentar os novos desafíos que supoñen estas mudanzas no eido social, económico, cultural, etc., sen ningún tipo de temor e, daquela, cal debe ser o papel que ten que desenvolver a lingua galega nunha sociedade cada vez máis urbanizada e diversa na que os inmigrantes xogarán un papel cada vez máis importante?

Durante moitas décadas a defensa e promoción da lingua galega partiu dunha realidade ben diferente, na que os referentes lingüísticos eran procurados no medio onde durante séculos o galego foi agarimado, modelado e conservado para as xeracións vindeiras, que con grande esforzo e sacrificio souberon situalo no século XXI, un milenio despois do seu nacemento. Aqueles fervorosos «lingua dos nosos antergos», «lingua proletaria do meu pobo», «lingua dos meus pais e avós», «lingua da aldea», «entre nós en galego», teñen que deixar paso, sen perder o seu ámbito concreto, a novos proxectos e ideas que fagan da lingua galega un medio de comunicación e de identidade para unha sociedade cada vez máis complexa e polimórfica. A sociedade actual e as políticas de promoción da lingua pouco terán que ver con elas, se pretenden ter éxito e presenza; o galego está á espera de novos ritmos de rap, funaná e zouk, ao lado da muiñeira de Chantada.

Por outra banda, a poboación inmigrada recentemente chegada, é a primeira en percibir as vellas actitudes diglósicas con respecto do galego. Se esta situación é vivida con contradición entre os galegos, para esa poboación desfavorecida economicamente a cuestión lingüística é evidente; os galegos poden falar dúas linguas pero o sistema educativo, a economía, os medios de comunicación, en definitiva, a sociedade en xeral só esixe unha: o castelán. É dicir, se a sociedade galega non se identifica co galego, como se lle pode esixir a persoas cuxa principal preocupación é outra? Pero ao mesmo tempo, sen inmersión galegófono estarán en desvantaxe. Esta lingua segue a ser maioritaria e amplamente empregada nos máis diversos ámbitos e a propia

sociedade está a esixir unha normalización definitiva da nosa lingua, da que, loxicamente, non poden ficar fóra os «novos» galegos.

A comparanza con Cataluña pode neste caso axudarnos a desfacer nó. Se os cataláns e os seus gobernantes están concienciados coa socialización do seu principal símbolo de identidade, os emigrantes galegos, andaluces, ecuatorianos, arxentinos ou marroquís aprenderán e farán servir o catalán como unha normalidade máis na sociedade de acollida. O éxito dos cursos de catalán para estranxeiros en Cataluña e a plena integración lingüística dos seus fillos confirma este sinxelo suposto. Por contra, no noso país o proceso imparábel de desgaleguización nas zonas urbanas, nas camadas máis poderosas economicamente e nas persoas máis novas supoñen o fracaso de calquera normalidade lingüística na sociedade galega. É obrigado que as autoridades políticas, educativas e sociais, é dicir, as forzas vivas e activas deste país, xunto co interese –asegurado– dos emigrantes, potencien a aprendizaxe e o emprego da lingua propia de Galiza. Os desafíos están a petar nas nosas portas e xa é ben sabido que só se fai camiño ao andar.

As sociedades transfórmanse –afortunadamente–, modernízanse, reformúlanse, redeséñanse constantemente sen paraxe, e para a lingua galega estas mudanzas supuxeron aspectos positivos e negativos, pero tamén cómpre que, quer a sociedade civil, quer as autoridades políticas, protagonicen e vehiculen un profundo cambio para que galegos de aquí ou de alén vexamos na lingua galega un conxunto de signos que serven para se comunicar entre os nosos iguais e diferentes, pero tamén un símbolo que configura a cerna máis profunda desta terra, nunha complexidade de cores, orixes, crenzas, ideoloxías e soños.